



Obxecto:	Informe sobre documentación complementaria ao Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Monte da Croa
Concellos:	Vimianzo e Dumbría (Coruña)
Promotor:	Villar Mir Energía S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2019/105
Expte.:	03.I.531.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3258/2021(Servizo de Arquitectura)

O 29.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se da traslado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da reposta do promotor ao Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 06.07.2021, e facilítase o enlace web para descargar a documentación aportada polo promotor: *Estudio de Impacto Arqueológico para el PE Monte da Croa. Anexo Memoria Técnica e Adenda 1 Proyecto interés autonómico PE Monte da Croa. Memoria* nos termos municipais de Vimianzo e Dumbría (A Coruña).

ANTECEDENTES E FEITOS

O 06.07.2021 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite informe relativo ao *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Monte da Croa en los términos municipales de Vimianzo y Dumbría (A Coruña), diciembre 2019* e o *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monte da Croa, diciembre 2020*. No dito informe solicitábase nova documentación, ao obxecto de poder seguir coa tramitación administrativa do expediente. No devandito informe facíanse os seguintes requirimentos:

- O aeroxerador MC-03 e a súa infraestrutura asociada (viario de acceso, plataforma de montaxe, gabiá de cableado,...) deberán desprazarse fóra do ámbito de protección da *Mámoa de Minas* GA 150092176. Neste senso, compre sinalar que os contornos de protección dos bens catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de nova obra relacionada coa implantación do parque. Tampouco se poderán facer movementos de maquinaria, e amoreamentos de materiais ou terras.
- Deberase avaliar (prospectar) de xeito concluínte a zona de implantación dos aeroxeradores MC-01, MC-02, MC-03, MC-04 e MC-05, así coma o viario de interconexión entre os aeroxeradores MC-01, MC-02 e MC-03. De ser necesario rozarase a zona, sempre baixo supervisión arqueolóxica. De confirmarse a presenza de algún ben patrimonial avaliarase o impacto das obras sobre o mesmo e estableceranse as medidas correctoras oportunas.
- As obras vinculadas ao acondicionamento do viario e instalación de cableado que se proxectan realizar na área de cautela da *Mámoa de Chan das Lagoas 1* GA 15034011 faranse polo lateral S do vieiro (o máis afastado do ben).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm.190, do 18.09.2020)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*





- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*

A documentación agora presentada da reposta ás consideracións do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 06.07.2021 e, de acordo con ela, pódense facer as seguintes consideracións:

- Preséntanse como unha ampliación da documentación do EIA e co obxecto de corrixir as deficiencias detectadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na memoria técnica derivada da prospección arqueolóxica.
- Modifícase a localización do aeroxerador MC-03 e o seu viario de acceso fora da área de cautela da *Mámoa de Minas GA 150092176*.
- Naquelas zonas onde non se puido acceder para prospectar, levouse a cabo unha revisión dos modelos dixitais do terreo, dos diferentes vos, e da micro-toponimia dos planos de catastro. Tras súa análise non se atoparon anomalías ou toponimia que puideran indicar a presenza de bens arqueolóxicos na zona. Polo que se considera que, inicialmente, non hai elementos do patrimonio cultural na traza dos viarios, gabias para a canalización eléctrica e zonas de implantación das infraestruturas eólicas. Con todo, recoméndase o control da roza previa nas zonas de implantación dos aeroxeradores MC-01, MC-02, MC-03, MC-04 e MC-05.
- As obras proxectadas no entorno da Mámoa do Chan das Lagoas **GA 15034011** realizaranse polo lateral mais afastado do ben.
- Segundo os mapas topográficos consultados, ao S do *Monte do Castro/ Castro de Sarteguas GA 15092026* atópase o topónimo *Castro Pequeno*, con posibles implicacións arqueolóxicas, aínda que non afectado pola infraestrutura eólica. Este topónimo non se reflicte en ningunha documentación presentada.

Tendo en conta a nova documentación achegada infórmase o seguinte:

Estudo de Impacto Ambiental (remitido o 05.03.2021)

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Monte da Croa de 27 MW de potencia total e 7 aeroxeradores. Propóñense dous modelos de aeroxerador: nas posicións dos aeroxeradores nº 2 e 3 utilizarase o modelo Vestas V-126 de 3,4 MW de potencia nominal, 112m de altura de buxe e 126m de diámetro de rotor, no resto do parque porase o modelo Vestas V-136 de 4,2 MW de potencia nominal, 112m de altura de buxe e 136m de diámetro de rotor. Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aeroxeradores, gabias de cableado e rede de terras, arquetas, zonas de provisión, torre anemométrica, centro de seccionamento, subestación e liña de interconexión.
- No subapartado 7.2 *Análisis de alternativas* sinala que para a elección da alternativa proposta se tiveron en conta, entre outros, o patrimonio arqueolóxico recollido no Inventario de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e o Catálogo municipal dos concellos afectados (incluso os concellos limítrofes). Analizáronse dúas alternativas (1 e 2) e elixiuse a Alternativa 2 ao considerarse que garante a protección medioambiental e resulta economicamente viable.
- Especificase que a poligonal do parque, modificouse para englobar a nova localización da SET, quedando totalmente incluída dentro das ADE de Monte Tourado e Alto da Croa.
- O acceso ao parque farase dende 3 puntos diferentes:
 - na zona norte do parque, na que sitúan os aeroxeradores MC-01, MC-02 e MC-03, o acceso será dende a estrada AC-552 punto PK 69+920.
 - na zona central do parque, na que se sitúan os aeroxeradores MC-04, o acceso será dende a mesma estrada AC-552 punto PK 72+940.
 - na zona sur do parque, na que se sitúan os aeroxeradores MC-05, MC-06 e MC-07, o acceso será dende a carretera AC-441 punto PK 19+105.
 - Para realizar o acceso a estas estruturas é necesario facer 5.516m de viarios novos e acondicionar 931m de pistas existentes. En total son 6.447m.





- Ademais faranse 17.070m de gabias para cableado, destas 7.670m aproximadamente son gabias paralelas a viarios e os 9.400m restantes faranse en cruces de estradas e o longo de camiños e cortallumes existentes.
- No subapartado 9.2.8. *Elementos do patrimonio cultural y etnográfico* recóllense os elementos patrimoniais inventariados dentro da zona a estudo. Polo que respecta ao patrimonio arqueolóxico temos:
 - concello de Vimianzo: *Castro das Barreiras (GA 15092017), Castro de Lavandeira/Citania de Vilaseco (GA 15092020), Mámoa das Xoias 1 (GA 15092027), Monte do Castro (GA 15092028), Petróglifo do Alto da Laxe (GA 15092095), Petróglifo da Devesa (GA 15092098), Mámoa de Rasamonde 1 (GA 15092148), Mámoa de Rasamonde 1 (GA 15092149), Mámoa de Caxadas 1 (GA 15092025), Mámoa de Caxadas 2 (GA 15092054), Mámoa de Caxadas 3 (GA 15092055), Mámoa de Caxadas 4 (GA 15092056), Mámoa do Monte da Tella (GA15092131), Mámoa do Rego do Cebro 1 (GA 15092165), Mámoa do Rego do Cebro 2 (GA 15092166), Mámoa de Entre Regos (GA 15092167).*
 - concello de Dumbria: *Monte da Croa (TO 15034001), Mámoa do Alto da Cruz 1 (GA 15034010), Mámoa do Alto da Cruz 2 (GA 15034056), Mámoa de Chan das Lagoas 1 (GA 15034011), Mámoa de Chan das Lagoas 2 (GA 15034057).*

Respecto ao Camiño de Santiago, indícase que o máis próximo, Camiño de Fisterra-Muxía, sitúase a uns 6 km do parque eólico.

- No subapartado 10.8. *Impactos sobre o patrimonio cultural* sinálase que os impactos sobre o patrimonio cultural son a nivel xeral compatibles ou moderados, atravesándose unicamente áreas de cautela. A única excepción a esta regra está no GA 15092176 *Mámoa de Minas* cun impacto severo, que pese a todo os redactores do EIA entenden que isto non impide a execución das obras atendendo as medidas correctoras. As medidas correctoras propostas tradúcense principalmente nun control arqueolóxico continuo a pé de obra dos traballos de remoción de terras.
- No subapartado 12.2. *Medidas protectoras y correctoras durante a fase de obra*, punto 12.2.7. *Patrimonio cultural* dise que se aplicarán as medidas expostas por Patrimonio Cultural, toda vez que se avalíe o proxecto de impacto arqueolóxico.
- No subapartado 13.6. *Resultados del plan de vixilancia* sinálase que durante a execución das obras realizaranse informes de obra de carácter trimestral, que recollerán entre outros datos o resultado do seguimento arqueolóxico da obra por arqueólogos cualificados.
- O Anexo 1 *Estudio de impacto e integración paisajística* analiza o impacto visual, aportando simulacións infográficas desde diferentes puntos de observación onde serían visibles os aeroxeradores.
- O Anexo nº 2 *Estudio de impacto arqueológico* recolle os resultados do proxecto de intervención arqueolóxica *Estudio de impacto arqueológico para el Parque Eólico Monte da Croa (Vimianzo-Dumbria, A Coruña)*, dirixida polo arqueólogo Simón Pena Basso.

O documento explica que se levouse a cabo a recollida da información patrimonial dos concellos afectados polo PE, e despois unha **prospección visual intensiva de toda a traza das obras proxectadas**, cun marxe aproximado duns 200m a cada lado do eixo da traza. Puntualmente, e coa fin de comprobar a situación de xacementos próximos ou de actualizar as fichas do catálogo (principalmente ante a ausencia de tomas fotográficas) revísanse outros elementos patrimoniais algo máis afastados das zonas de obra, pero no contexto territorial dos xacementos afectados pola obra.

No subapartado 3.1 *Intervención arqueológica* sinálase que non se documentaron novos xacementos nin materiais arqueolóxicos.

Sinálase que a nivel xeral as obras proxectadas **son factibles na súa maior parte** dende o punto de vista arqueolóxico, pois inicialmente non existen elementos do patrimonio cultural na traza dos viarios, gabias de cableado e emprazamento das infraestruturas, cunha única excepción o viario entre os aeroxeradores MC-02 e MC-03 e o emprazamento do aeroxerador MC-03, que afectan á área de cautela da *Mámoa de Minas* (GA 15092176) (corrixida na documentación adicional do 29.09.2021).

Finalmente o documento recolle o impacto e as medidas correctoras sobre os seguintes bens arqueolóxicos:

Código	Elemento	Causa de impacto e xustificación	Impacto
GA 15092176	Mámoa de Minas	Instalación de aeroxeradores nº 2 e 3 a 212m e 90m respectivamente.	Severo





		Construción de viario e gabia de cableado a 104m.	
GA 15092026	Monte do Castro/Castro de Sarteguas	Gabia de cableado a 104m ao Leste.	Moderado
GA 15034011	Mámoa de Chan das Lagoas 1	Acondicionamento de viario existente a 129m e gabia para cableado a 100m	Moderado
GA 15034057	Mámoa de Chan das Lagoas 2	Acondicionamento de viario existente a 189m e gabia para cableado a 145m	Moderado
GA 15092149	Mámoa de Rasamonde 1	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092148	Mámoa de Rasamonde 2	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092175	Dolmen da Mina de Caxadas/Mámoa da Granxa	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092095	Petroglifo do Alto da Laxe	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092020	Castro de Lavandeira	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
TO 15034001	Castro Monte da Croa/Croa de Padreiro	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092027	Mámoa de Xoixas 1	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092028	Mámoa de Xoixas 2	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092131	Mámoa de Monte da Tella	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible
GA 15092099	Petróglifo de Pedra da Vela	Obras a más de 200m do perímetro exterior do ben.	Compatible

- Establécense medidas correctoras de carácter xeral e específico para estes bens. Como medidas xerais propónse a:
 - senalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
 - o control arqueolóxico da roza da zona de implantación dos aeroxeradores MC-01, MC-02 e MC-03, así como o viario de unión entre eles.
 - o control arqueolóxico da roza da zona de implantación dos aeroxeradores MC-04 e MC-05.
 - seguimento descontínuo xeral das obras de remoción de terras.

As medidas correctoras específicas propostas son as seguintes:

Código	Elemento	Medidas correctoras específicas	Impacto
GA 15092176	Mámoa de Minas	Balizamento permanente da área integral durante as obras. Se os terreos quedasen adscritos ao promotor o balizado sería fixo e instalárase de panel explicativo (proxecto independente). Control arqueolóxico a pé de obra das obras que supoñan remoción de terras dentro da área de cautela do ben. Roza preliminar da zona coa fin de confirmar a existencia doutros elementos ocultos pola vexetación. Prohibición de movementos de terra e tránsito de maquinaria na área de protección integral. Prohibición de instalación de parques de maquinaria nas áreas de cautela e integral. Prohibición de acopio de materiais na área de protección integral e posibilidade de acopios mínimos imprescindibles na área de cautela.	Moderado
GA 15092026	Monte do Castro/Castro de Sarteguas	Control arqueolóxico a pé de obra das obras que supoñan remoción de terras dentro da área de cautela do ben. Prohibición de movementos de terra e tránsito de maquinaria de obra na área de protección integral.	Moderado
GA 15034011	Mámoa de Chan das Lagoas 1	Balizamento permanente da área integral durante as obras. Control arqueolóxico a pé de obra das obras que supoñan remoción de terras dentro da área de cautela do ben. Prohibición de movementos de terra e tránsito de maquinaria na área de protección integral. Prohibición de instalación de parques de maquinaria nas áreas de cautela e integral. Prohibición de acopio de materiais na área de protección integral e posibilidade de acopios mínimos imprescindibles na área de cautela.	Moderado
GA 15034057	Mámoa de Chan das Lagoas 2	Balizamento permanente da área integral durante as obras. Control arqueolóxico a pé de obra das obras que supoñan remoción de terras dentro da área de cautela do ben. Prohibición de movementos de terra e tránsito de maquinaria na área de protección integral.	Moderado





		Prohibición de instalación de parques de maquinaria nas áreas de cautela e integral. Prohibición de acopio de materiais na área de protección integral e posibilidade de acopios mínimos imprescindibles na área de cautela.	
GA 15092149	Mámoa de Rasamonde 1	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092148	Mámoa de Rasamonde 2	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092175	Dolmen da Mina de Caxadas/Mámoa da Granxa	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092095	Petróglifo do Alto da Laxe	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092020	Castro de Lavandeira	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
TO 15034001	Castro Monte da Croa/Croa de Padreiro	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092027	Mámoa de Xoixas 1	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092028	Mámoa de Xoixas 2	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092131	Mámoa de Monte da Tella	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible
GA 15092099	Petróglifo de Pedra da Vela	Prohibición de instalación de parques de maquinaria e acopio de material nas áreas de cautela e integral.	Compatible

- Os elementos de carácter arquitectónico ou etnográfico afectados polas obras serían:
 - Hórreos 1 e 2 en Sanfins.** Proxéctase a gabia de cableado a 5 e 4 m., respectivamente, dos elementos. Cualifícase o impacto como moderado. Como medida correctora específica establécese o seu balizado con elementos permanentes.
 - Cruceiro dos Arrieiros.** Proxéctase a gabia de cableado a 2 m. do elemento. Cualifícase o impacto como moderado-severo. Por atoparse dentro de fincas urbanas pechadas, non se establecen medidas correctoras específicas.
 - Hórreo de Vilaseco.** Proxéctase a gabia de cableado a 5 m. do elemento. Cualifícase o impacto como moderado. Como medida correctora específica establécese o seu balizado con elementos permanentes.
- No apartado 4. *Conclusiones y valoración patrimonial* sinálase que os resultados da prospección foron a comprobación da existencia de xacementos inventariados así como a súa correcta localización. Así mesmo, xúntase unha análise de visibilidade dende o Castelo de Vimianzo e a Igrexa de San Martiño de Castrelo. En xeral, sinálase que o impacto visual do parque eólico é moito menor que o resto dos parques existentes na zona.

Proxecto Sectorial (remitido o 05.03.2021)

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.

- En relación ao patrimonio cultural, remítase ao Estudo de impacto ambiental.
- No apartado 3.5 *Proteccións arqueolóxicas* inclúese un listado dos bens arqueolóxicos catalogados e indícase que foron revisadas as proteccións arqueolóxicas presentes nos planeamentos municipais, non afectando a ningunha área delimitada. Indícase tamén que previo ás obras realizarase unha prospección arqueolóxica e o balizado das zonas de protección.

Unha vez analizados os documentos (Estudo de impacto ambiental, proxecto sectorial e documentación adicional), pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, compróbase que dentro da poligonal do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na Avaliación de impacto sobre





o patrimonio cultural, e valorado o seu impacto, establecendo as correspondentes medidas correctoras, que se consideran adecuadas.

- Os elementos patrimoniais denominados *Monte do Castro* GA 150092026, *Mámoa de Chan das Lagoas 1* GA 150034011, *Mámoa de Chan das Lagoas 2* GA 150034057 ven afectada a súa área de cautela pola gabiá de cableado proxectada sobre viario existente.
- O *Anexo 2 Estudio de impacto arqueolóxico* incorpora unha análise visual de 3 elementos patrimoniais, ningún deles de arqueolóxico.
- No *Anexo 1 Estudio de Impacto e Integración Paisajística*, non se consideran os elementos arqueolóxicos do ámbito para realizar a valoración do impacto paisaxístico do parque.
- Proxéctase a apertura da gabiá de cableado moi próxima a elementos do patrimonio cultural, como son os Hórreos 1 e 2 en Sanfins e o Cruceiro dos Arrieiros. A situación destes elementos ao bordo da estrada, sobre todo os dous últimos, supón un risco para a integridade dos elementos, polo que é necesario a aplicación de medidas correctoras e un control e seguimento das obras. Asemade, conforme aos artigos 39 e 45 da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), a actuación debe de contar coa autorización da Consellería de Cultura.
- Respecto ao Hórreo de Vilaseco identificado no Estudo de Impacto arqueolóxico, cómpre sinalar que existe un erro na valoración do impacto xa que non se proxecta ningunha gabiá de cableado a 5 m, o que se proxecta é un novo vial de acceso a máis de 20 m de distancia.
- A maiores, en base ao análise das fotografías aéreas e visores do Instituto de Estudos do Territorio, apréciase a existencia, ao longo do trazado da gabiá de cableado, de peches e valados de fincas feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco que poderían verse afectados polas obras se non se adoptan medidas protectoras para evitalo. Cómpre sinalar que esta técnica está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da DXPC do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- Cotexados os datos e a planimetría do proxecto sectorial cos datos e planimetría do Estudo de Impacto Ambiental compróbase que non existe diferencias nas características do proxecto. Non obstante, deben modificarse no senso de incorporar as modificacións introducidas na documentación adicional. Por outra parte, os seus planos de ordenación urbanística proposta non recolle os bens identificados no Anexo 2 Estudio de Impacto arqueolóxico.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideracións técnicas, infórmanse de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Monte da Croa en los términos municipales de Vimianzo y Dumbría (A Coruña), diciembre 2019* e o *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monte da Croa, diciembre 2020*, coas modificacións propostas na documentación adicional, remitida o 29.09.2021 e debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Estudo de Impacto Ambiental, no seu Anexo nº 2 e no *Estudio de Impacto Arqueolóxico para el PE Monte da Croa. Anexo Memoria Técnica* (de data 29.09.2021), tendo en conta as seguintes **consideracións e condicións**:

- É necesario a realización do **control e seguimento arqueolóxico** das obras de replanteo, execución de obra e restitución dos terreos, do parque eólico. A tal fin, e previo ao inicio das mesmas, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse tódalas medidas correctoras xerais e específicas establecidas no documento de EIA e na documentación complementaria remitida *a posteriori*.
- Realizarase un especial seguimento das obras a realizar en zonas de cautela dos bens arqueolóxicos catalogados, da roza das zonas de obra, así como dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.





- Antes do inicio das obras revisarase o lugar denominado "Castro pequeno". De confirmarse a presenza de algún ben patrimonial avaliarase o impacto das obras sobre o mesmo e estableceranse as medidas correctoras oportunas.
- Previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento técnico onde se definan en detalle as obras a realizar no contorno de protección dos elementos do patrimonio cultural de Galicia, en concreto Hórreos 1 e 2 en Sanfins e Cruceiro dos Arrieiros, para a correspondente autorización por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo o establecido nos artigos 39 e 45 da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) Esta documentación deberá conter planimetría de detalle acotada, con seccións transversais nas que se representen os elementos catalogados en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a salvagarda dos bens e integración das obras no contorno de protección afectado.
- Entre as medidas correctoras a establecer para a realización das obras no contorno dos hórreos de Sanfins e do cruceiro dos Arrieiros debe figurar o control e seguimento presencial da apertura da gabiá.
- No control e seguimento a nivel xeral das obras de remocións de terras, proposto nas medidas correctoras do Anexo 2 "Estudo de impacto arqueolóxico", deberá incluírse o replanteo da gabiá de cableado co fin identificar peches e valados feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco para evitar que se vexan afectados polas obras.
- Respecto ao proxecto sectorial, na planimetría de ordenación urbanística proposta se incluírán e grafarán todos os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Ambiental, así como os seus contornos de protección.
- Os Concellos de Vimianzo e Dumbría deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.
- Rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos de Vimianzo e Dumbría deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Na planimetría do proxecto sectorial deberán reflectirse todos os cambios causados provocados polas condicións impostas a información favorable do Estudo de Impacto Ambiental.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

